



SOLICITUDE DE MESA PRESENCIAL DAS SETE ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

Convocada Mesa Sectorial para o próximo 23 de abril de 2024, que a DXX pretende realizar a través de videoconferencia, as sete organizacións sindicais, consideramos que os temas a tratar son de vital importancia para o futuro dos traballadores de xustiza e tamén para toda a cidadanía desta comunidade.

Polo tanto esiximos que a Mesa Sectorial **sempre** debe ser **presencial** e mais cando non se recolleu nin unha soa alegación presentada polos sete sindicatos.

Ademais, débense meter na orde do día a negociación de todas as propostas que se anexan coa convocatoria, tanto as das RPTs como a da Estrutura da Oficina xudicial.

Tamén **botamos** en falta o borrador do preacordo económico alcanzado na reunión do día 1 de abril, onde faltan por modificar certas cuestións, ás que os sindicatos presentamos unha redacción tal e como solicitou o Director Xeral.

Por todo o cal **SOLICITAMOS**:

- A remisión do texto do preacordo onde se recollan as achegas feitas
- Que a Mesa Sectorial sexa presencial.
- Que se metan na orde do día todas as materias obxecto de negociación das que a Administración nos dá traslado, é dicir, todas as propostas que se anexan coa convocatoria, tanto as das RPTs como a da Estrutura da Oficina xudicial.

As tres son requisitos legais e polo tanto innegociables.

Asinan as sete organizacións sindicais de xustiza galega